

*Ler para crecer autonomamente*

Análise da traxectoria da biblioteca e a súa integración na programación do centro. Unha traxectoria coas súas liñas xerais deseñadas e recollidas nos documentos base e que camiña cara a súa regularización e concreción na programación anual e nos currículos das diferentes materias. O proxecto titulado *Ler para crecer autonomamente* susténtase na LECTURA e na AUTONOMÍA como principios básicos para formar lectores competentes e educalos na responsabilidade e no compromiso cara a unha maior autonomía no seu proceso de aprendizaxe. De aí que o plan lector sexa concibido como un elemento de integración curricular que conecta o Proxecto da Biblioteca coas necesidades da aula contribuindo ao desenvolvemento das competencias básicas en xeral, e da lingüística en particular.

Por outra banda, as carencias na realización de traballos de investigación, busca, selección e presentación da información e o uso das novas tecnoloxías precisan dunha resposta. Pensamos que a biblioteca pode ser o instrumento global e integrador que axude a emendar estas deficiencias, que permita o desenvolvemento no alumnado de habilidades para a utilización das fontes de información e do coñecemento de forma crítica, ao mesmo tempo que propicie o cambio necesario na metodoloxía adoptada por parte dos docentes e favoreza os traballos colaboradores e por proxectos.

A biblioteca escolar favorece os vínculos de colaboración cos outros centros de ensino e coa biblioteca pública da zona establecendo unha ponte entre o instituto e a contorna e a adquisición de hábitos que van consolidándose na vida cultural do municipio.

O proxecto *Ler para crecer autonomamente* é avalado polo claustro e consello escolar por cuarto ano consecutivo e conta coa implicación do profesorado para a súa posta na práctica. As actividades propostas están contextualizadas e implican, en maior ou menor grao, a todos os sectores da comunidade educativa. O compromiso das distintas partes é fundamental para a consecución dos obxectivos propostos e del depende, en gran medida, o resultado acadado e tamén o seu futuro.

**Biblioteca IES SANXENXO. Pontevedra**

María Dolores Tobío Iglesias  
Profesora coordinadora da BE